

**Tribunal de Garantías**

**Memoria 2016**

**UniversidadeVigo**

## ■ Índice

03 Presentación

---

04 Marco normativo

---

08 Marco conceptual e funcional

---

10 Expedientes tramitados

---

19 Outras actuacións

---

21 Relacións institucionais e actividade exterior

---

24 Execución do orzamento

---

25 Comentario e reflexión final

---

28 Anexo: composición do TG

## ■ Presentación

O artigo 145.5 dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que o defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (en diante, TG). Este documento cumpre con esa obriga respecto ao ano 2016.

O informe é breve e conciso. Iso non supón que resulte simple (en sentido negativo) nin tampouco escaso de contido. Todo o contrario: é o resultado da decidida aposta por unha comunicación clara, vencellada á responsabilidade e á transparencia, que permita a quen o consulte atopar facilmente a información que busca. Para acadar ese obxectivo, coidouse o texto e moi especialmente o deseño e a linguaxe visual.

O documento estrutúrase en dous grandes bloques. O primeiro (apartados 1 e 2) refire o marco normativo, conceptual e funcional no que se desenvolve o TG.

O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do Tribunal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016:

- O apartado 3 dá conta dos expedientes instruídos tralas reclamacións e queixas dos integrantes da comunidade universitaria que se admitiron a trámite.
- No apartado 4 relaciónanse esoutras actuacións que conforman o quefacer

diario do TG (consultas, mediacións, entrevistas, recomendacións...).


- No apartado 5 dáse conta das relacións institucionais e a actividade exterior, un ámbito de actuación que o TG está a potenciar e coidar nos últimos anos.
- No apartado 6 réndense as contas económicas: desagregase o orzamento do que dispuxo o Tribunal no ano 2016 e móstrase a súa execución.
- No apartado 7 reflexiónase sobre certas cuestións presentadas no Informe e que requiren un comentario específico.

Como anexo, expónse graficamente a composición do TG, que experimentou importantes modificacións ao longo do 2016.

Agardo que este exercicio de transparencia e rendición de contas resúltelle de interese á comunidade universitaria e contribúa a que se coñeza mellor o labor do órgano que presido. ■

Argimiro Rojo Salgado  
Defensor universitario  
Presidente do Tribunal de Garantías





*O fundamento do Tribunal de Garantías é a figura do defensor universitario, regulada na LOU, e a do comisionado/a universitario/a, na LSUG*

## 1. Marco normativo

### ● Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL 14ª

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as Universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do **Defensor Universitario**. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

#### ARTIGO 46.2.H

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, os estudantes terán dereito [...] a garantía dos seus dereitos, mediante procedementos axeitados e, no seu caso, a actuación do **Defensor Universitario**.

Corresponderá aos Estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

### ● Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia

#### ARTIGO 90. O COMISIONADO UNIVERSITARIO OU A COMISIONADA UNIVERSITARIA

1.-De conformidade co previsto na lexislación orgánica de universidades, cada unha das universidades integrantes do SUG establecerá, na súa estrutura organizativa, a figura do **comisionado universitario ou da comisionada universitaria**, que terá a misión de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos universitarios.

2. As actuacións do **comisionado universitario ou da comisionada universitaria**, sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos principios de independencia e autonomía. Corresponderá aos estatutos de cada universidade pública e ás normas de organización e funcionamento, no caso de universidades privadas, establecer o procedemento para a súa elección ou designación, a duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

# Estatutos UVigo

(Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro)

## ARTIGO 141

O TG é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade de administración universitaria dándolle conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes Estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

## ARTIGO 142

O TG está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada, na que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa do denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

## ARTIGO 143

1. O TG, elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:
  - a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.
  - b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade.
  - c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
  - d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
  - e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.
2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.
3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a mandato imperativo ningún.

5. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do Tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do TG serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente resolverá os empates.

6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo TG.

## ARTIGO 144

Os membros do TG cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do TG, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

## ARTIGO 145

- O TG, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:
- a) Exixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.
  - b) Elevarlle informes ao Claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
  - c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
  - d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».
  - e) Propoñerlle ao Claustro un voto de censura contra o titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito. ■

***A defensoría universitaria  
regúlase no apartado das  
garantías xurídicas  
(título V)***

# Regulamento TG

## (Claustro Universitario 10/11/2004)

### I. DISPOSICIÓN XERAIS

**1** O TG é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria, sendo a súa finalidade fundamental a contribución ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerase pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do seu Claustro e polas normas deste Regulamento.

### II. COMPETENCIAS E GARANTÍAS NO EXERCICIO DO CARGO

**2** Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

**3** No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

**4** A condición de membro do TG é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersoal de goberno da Universidade.

**5** Todos os órganos de Goberno e todos os membros da Comunidade Universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de autoridade, non podendo negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

**6** O TG poderá delegar no seu presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que aquel considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

### III. PROCEDEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE MEDIACIÓN E CONCILIACIÓN

**7.1** Todo pedimento de mediación ao TG realizarase mediante escrito, no que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes dos solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

**7.2** Dentro do prazo dos sete días seguintes a aquel en que fose recibido un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do TG dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando contestación escrita na que se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

**7.3** Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise contestación negativa na oficina do TG, entenderase que a mediación deste foi aceptada.

**8** Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o TG poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

**9.1** O presidente do TG comunicará por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de 15 días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos nas que as fundamentan.

**9.2** Concluído o prazo prece-dente, o presidente do TG convocará aos sectores implicados a unha sesión conxunta na que se intentará a conciliación, informando e razoando sobre as alegacións que se formulen e propoñendo fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

**9.3** As conclusións e acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que será asinada polo TG e polos sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

### IV. PROCEDEMENTO NA TRAMITACIÓN DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

**10** As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre aquelas materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous

meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

**11** As queixas ou reclamacións dirixiranse ao presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da Universidade. Nas mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a administración universitaria, e se achegará a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do ou dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

**12.1** O TG, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo de informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darase traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por ditas queixas.

**12.2** Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

**12.3** O TG comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitándolles que nun prazo de 15 días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.

## V. NOMEAMENTOS E CESAMENTOS

**13** O Tribunal será convocado polo seu presidente/a, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, e poderá convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

**14** O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e deberá contar sempre coa presenza do presidente /a e do secretario/a ou, no

seu caso, das persoas que os substitúan. As decisións do mencionado órgano serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente/a dirimirá os posibles empates.

**15** O Tribunal nomeará un vicepresidente/a e un secretario/a de entre os seus membros.

**16** Os membros do Tribunal serán elixidos por un período de catro anos, agás os representantes do alumnado, que o serán por dous. En ambos casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

**17** No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, na maior brevidade, mediante nova elección, na forma establecida nos Estatutos.

## VI. APOIO INSTITUCIONAL DO EXERCICIO DO CARGO

**18** O TG terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e no que se establecerá o rexistro para a presentación das queixas e reclamacións. En calquera caso non se localizará en ningún centro ou sede departamental.

**19** A Universidade deberá facilitarlle ao TG o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

**20** A dotación económica necesaria para o funcionamento do TG será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.

**21** A figura do presidente /a do TG equipararase para os efectos económicos, protocolarios e de exención docente, á de vicerreitor/a.

## VII. DISPOSICIÓN FINAIS

**22** As decisións e propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

**23** A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do TG ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponderalle ao Claustro.

**24** Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, e quedarán derogadas todas as normas que se opoñan ao presente regulamento. ■

### REGULAMENTO TG (Claustro 10/11/2004)

*O TG é un órgano  
único e singular no  
sistema universitario  
español*

## 2. Marco conceptual e funcional

A normativa reguladora do TG permite trazar o perfil deste órgano (unha institución de carácter interno que defende os dereitos e intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria). Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

- O TG participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e se inspira no modelo do Defensor del Pueblo español. Isto implica que os seus membros:
  - teñen plena autonomía e independencia de criterio;
  - non se suxeitan a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditalles instrucións);
  - son titulares das prerrogativas de inviolabilidade e inmunidade (non poden ser expedientados nin sancionados polas opinións que emitan nin polos actos que realicen durante o seu mandato ao exercer as competencias propias do cargo).
- O TG non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade,


accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, e sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.

- Tal e como se indica no artigo 141 dos Estatutos da UVigo, na súa condición de comisionado do Claustro encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria, o TG pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralala. Investiga como funcionan os órganos e servizos administrativos para detectar retrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre aqueles asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.




● Para aclarar definitivamente a natureza e funcións do TG, cómpre defini-lo en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é

para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas que se teñen sobre el.



● Para cumprir coas competencias que ten encomendadas, o TG incoa expedientes, solicita informes, fai consultas, concerta entrevistas, media entre as partes en conflito, elabora recomendacións...

As actuacións practicadas no ano 2016 explícanse polo miúdo nas seguintes páxinas, ao dar conta da xestión dese ano.



## 3. Expedientes tramitados

A actividade principal do TG é atender as queixas e reclamacións que lle achegan os membros da comunidade universitaria. Tras unha valoración preliminar que permite determinar se concorren as circunstancias requiridas para actuar, admítense a trámite ou desestímense. No primeiro caso incóase un expediente e realízanse as actuacións necesarias para coñecer a fondo o asunto e tentar resolvelo.

No ano 2016 tramitáronse **25 expedientes**. Analízanse nas seguintes páxinas dende varios puntos de vista.

- No cadro 1 relaciónanse de forma sucinta e meramente descritiva. Seguindo a orde do seu número de referencia (que se asigna cun criterio meramente cronolóxico: a data na que se acordou incoar o expediente), proporciónase a información imprescindible para coñecer as circunstancias xenéricas de cada caso. Para preservar os principios de confidencialidade, anonimato e reserva cos que sempre actúa este Tribunal, dissociáronse os datos persoais, de tal xeito que non se poidan identificar as persoas que participaron en cada expediente.

- A segunda perspectiva de análise é temática. Os expedientes agrúpanse en tres bloques, en función da súa afinidade de contidos, e coméntanse os aspectos máis

relevantes de cada un deles. Esta exposición teórica complementábase con elementos gráficos, que comunican de xeito visual a información.

- O último punto de vista é estatístico. Mediante gráficos expóñense certos parámetros de interese dos expedientes: o sector ou colectivo da comunidade universitaria ao que pertence a(s) persoa(s) reclamante(s), o campus no que se adscriben(n) e o sexo das persoas que presentan a reclamación ou queixa. Este último parámetro constitúe unha novidade nos informes do TG e incorpórase atendendo ao establecido na Ley orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de hombres y mujeres. Nela os indicadores de xénero (e entre eles os datos relativos á variable sexo) convértense en instrumentos fundamentais para integrar de forma efectiva a perspectiva de xénero nas políticas públicas. En coherencia con iso, inclúese esa variable nesta análise estatística.

O exame dos expedientes dende esta multiplicidade de perspectivas (complementarias entre si) ten como obxectivo proporcionar unha visión completa e polo miúdo das cuestións que resultaron problemáticas na UVigo no ano 2016.

Cadro 1. Expedientes tramitados polo TG en 2016

Nº	COLECTIVO	ASUNTO	INICIO	PECHE
01/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	15/01/2016	23/06/2016
02/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	15/01/2016	23/06/2016
03/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	26/01/2016	05/02/2016
04/16	alumnado	Problemas para revisar a cualificación dunha materia	27/01/2016	15/03/2016
05/16	PAS	Convocatorias Erasmus PAS e Stellae PAS	22/02/2016	26/04/2016
06/16	alumnado	Problemas para optar ao aprobado por compensación nunha materia	22/02/2016	15/03/2016
07/16	alumnado	Problemas derivados da extinción da licenciatura de Dereito (plan estudos 1994)	02/03/2016	05/07/2016
08/16	alumnado	Concesión dos premios extraordinarios na titulación de Enxeñaría Técnica Industrial	16/03/2016	24/05/2016
09/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	16/03/2016	22/06/2016
10/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	29/03/2016	25/05/2016
11/16	alumnado	Problemas derivados da extinción do plan de Enxeñaría Industrial	29/03/2016	03/06/2016
12/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	13/04/2016	28/07/2016
13/16	alumnado	Problemas para obter a mención internacional do título de doutor/a	19/04/2016	03/06/2016
14/16	PDI	Solicitud cobro axuda de custo de secretaria tribunal tese doutoramento	18/05/2016	05/07/2016
15/16	alumnado	Validación materias cursadas nun programa de intercambio	13/07/2016	21/09/2016
16/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación materia	12/07/2016	23/09/2016
17/16	PDI	Transparencia, protección datos e dereito á imaxe	13/07/2016	13/01/2017
18/16	alumnado	Queixas sobre docente	12/09/2016	05-06-2017
19/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación TFG	30/09/2016	24/11/2016
20/16	alumnado	Solicitud revisión cualificación TFG	23/09/2016	24/11/2016
21/16	PAS	Solicitud información sobre presunto caso acoso laboral	07/11/2016	23/12/2016
22/16	alumnado	Acoso escolar	16/12/2016	23-03-2017
23/16	PAS	Presunto caso acoso laboral	30/11/2016	26-07-2017
24/16	PDI	Convocatorias promoción interna a catedrático/a univers.	01/12/2016	01/02/2017
25/16	alumnado	Apto por compensación nunha materia	05/12/2016	26-07-2017



## Expedientes de temática académica

---

Constitúen o grupo máis importante en termos cuantitativos (acadan a cifra de 17). Todos eles incoáronse a partir de reclamacións do alumnado. Dentro da homoxeneidade que permite agrupalos conxuntamente, pódense considerar subgrupos en función dunha afinidade de contidos máis específica.

● **REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (9).** O artigo 18 de Regulamento de estudantes establece o procedemento para impugnar as cualificacións dunha materia. O TG é a última instancia á que se pode recorrer, aínda que esixe esgotar todas as actuacións previas (corrección co profesorado que imparte a materia, revisión por un tribunal nomeado ao efecto no centro e recurso de alzada perante o reitor). De consideralo necesario (trátase dunha potestade discrecional), o TG pode promover a convocatoria dun tribunal doutra universidade española para que avalíe o exame.

No ano 2016 tramitáronse por esta vía nove expedientes.

➔ Dous deles non chegaron a enviarse a un tribunal externo doutra universidade: nun caso (exp. 3) porque a persoa interesada non quixo executar esa opción e, no noutro (exp. 16), porque o TG advertiu que o procedemento de revisión no centro non se axustara á normativa. Tras comunicar esa circunstancia ao órgano competente, unha resolución reitoral obrigou a retrotraer o procedemento ao momento no que se detectara a disfunción. Malia iso, o ano 2016 rematou sen que o asunto se resolvese, diante da impotencia da persoa afectada que solicitou en múltiples ocasións a intervención do TG para facer valer o seu dereito a que se lle revisase a nota.

➔ Só un dos sete exames que se enviaron a un tribunal externo doutra universidade mudou de cualificación e obtivo o aprobado (exp. 12). Nos seis casos restantes mantívose o suspenso, o cal quizais debería facer reflexionar sobre a pertinencia da actual normativa. Á marxe do custo económico que leva asociado (que tamén é un factor que convén considerar; véxase o apartado 6), a cuestión subxacente é o propio procedemento de revisión, que presenta problemas na súa configuración actual (non se poden reavaliar as partes orais das probas, xa que non adoitan gravarse, malia constituíren unha parte esencial na presentación dos Traballo Fin de Grao, por exemplo).

As cifras absolutas deste subtipo de expedientes no ano 2016 son similares ás rexistradas no 2015 (9 e 10, respectivamente); non así as relativas: a proporción con respecto ao total é moi superior no 2016 porque o número de expedientes tramitados se reduciu á metade respecto ao exercicio precedente.

● **PROBLEMAS CO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DUNHA NOTA (1).** O expediente nº 4 incoouse trala reclamación presentada por unha persoa que tiña problemas para revisar a cualificación dunha materia. Varios factores contribuíron a que se producise o conflito (mínima difusión e publicidade da data de revisión do exame, urxencia de tempo, falla

de comunicación entre as partes e escasa dispoñibilidade para reconducir o asunto). A intervención do TG contribuíu a que se consensase unha data alternativa. Este caso constitúe unha boa mostra do labor mediador que pode realizar o TG, que ás veces intervén para rebaixar a tensión entre dúas posturas discrepantes e pouco proclives a rectificar, e consegue reconducir a situación cara á súa solución.

● **TITULACIÓNS EN PROCESO DE EXTINCIÓN (2).** Os expedientes tramitados sobre esta cuestión foron só dous (n<sup>os</sup> 7 e o 11), pero resultaron sumamente complexos. En primeiro lugar porque tiñan carácter colectivo e, en consecuencia, agrupaban a moitas persoas interesadas que presentaron unha reclamación conxunta para tentar outorgarlle maior forza ás súas reivindicacións: o exp. 11 aglutinaba a 36 estudantes da titulación de Enxeñaría Industrial e exp. 7, a 3 afectados/as da licenciatura de Dereito (plan de estudos de 1994). En segundo lugar, polo propio contido da reclamación: en ambos os dous casos o estudantado solicitaba novas alternativas ás xa ofertadas pola universidade para aprobar as materias que aínda tiña pendentes de superar na correspondente titulación en proceso de extinción. O obxectivo último era non ter que adaptarse ao novo grao, pois iso supuña incrementar notablemente as materias necesarias para titularse. Nun grupo tan amplo de afectados/as había casuísticas moi variadas e non todas elas tiñan acomodo nas diferentes alternativas que se lles ofertaban (normativa estatal de extinción de titulacións, normativa específica da UVigo, convenio interuniversitario coa UDC e USC, resolución reitoral de setembro de 2014...),

motivo polo que solicitaban opcións adicionais. O TG non detectou que se vulnerase ningunha legalidade nin tampouco que se lesionasen os dereitos do alumnado afectado. Con todo, tralo seu ditame fixo un seguimento do caso xa que había moitas persoas implicadas e resultaba difícil acadar unha resolución satisfactoria para todas as partes.

● **AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN (2).** Todos os anos tramítanse expedientes con esta problemática, aos que hai que engadir as múltiples consultas que se reciben na defensoría sobre o tema. Á complexidade inherente a el engádese unha circunstancia que o complica aínda máis: a autonomía das comisións avaliadoras, responsables de admitir a trámite ou rexeitar as solicitudes nos centros, que propicia que nuns casos apliquen os criterios de forma máis flexible e noutros, de maneira máis restrictiva.

● **VALIDACIÓN DAS MATERIAS CURSADAS NUN PROGRAMA DE INTERCAMBIO (1).** Ás veces o estudantado recorre ao TG para tentar solucionar os problemas provocados polos erros que comete nos procedementos administrativos (e que basicamente consisten en non presentar a documentación na forma e/ou prazos requiridos). Nestes casos (e o exp. 15 é un claro exemplo), o TG pouco pode facer: tras revisar as circunstancias do asunto, determinou que as materias cursadas nun programa de intercambio nunha universidade estranxeira non se validaran porque os correspondentes trámites non se realizaron en tempo e forma, non porque se vulnerasen os dereitos da persoa afectada.

● **PROBLEMAS CUN PROFESOR (1):** En ocasións as discrepancias con respecto á

cualificación dunha materia agochan un problema máis complexo. Isto ocorreu cos expedientes 16 e 18, incoados a instancia da mesma persoa. O primeiro tramitouse tralo recurso de alzada que interpuxo para impugnar a cualificación dunha materia; no transcurso da súa instrución, a persoa interesada remitiulle ao TG unha extensa queixa sobre a/o docente responsable, na que se incidía tanto en aspectos académicos (contidos e aplicación da guía docente) como persoais (trato co alumnado). A gravidade das acusacións aconsellou que se tramitase un expediente independente (nº 18), que non puido resolverse antes de que rematase o 2016.

● **POSGRAO: REQUISITOS DA MENCIÓN INTERNACIONAL NAS TESES DE DOUTORAMENTO (1).** O expediente tramitado neste apartado (nº 13) exemplifica unha das atribucións estatutarias que se lle recoñecen ao TG: intervir nun caso no que non se infrinxe a legalidade, aínda que si se danan os intereses lexítimos da persoa denunciante.

O prexuízo estivo causado por unha mala *praxis*, en concreto, por un costume habitual ao tramitar a mención internacional das teses de doutoramento e que non se atén estritamente á literalidade da norma. Así, un dos requisitos exixidos para acadar tal distinción é realizar unha estadía nunha universidade estranxeira. Enténdese que require unha autorización previa do departamento responsable, aínda que a práctica habitual era realizar ese trámite *a posteriori*. Neste caso, seguiuuse esa inercia procedimental, pero a persoa responsable de validar a estadía negouse a facelo porque non tiña constancia de que houbera unha solicitude previa. A persoa doutoranda sentiuse indefensa e vítima dunha inxustiza por un erro burocrático (deficiente información). O TG non puido deixar de recoñecer ambas as dúas cuestións: non se infrinxira a legalidade (o rexeitamento atíñase á legalidade máis absoluta), se ben era certo que a persoa interesada non fora debidamente orientada.



## Expedientes sobre acoso

Neste bloque agrúpanse os expedientes 21, 22 e 23. Dous deles refírense ao mesmo caso, aínda que se tramitaron de xeito independente. Fíxose así porque, inicialmente, os órganos de representación da persoa afectada (pertencente ao PAS) informaron ao TG dun presunto caso de **acoso laboral**. A pesar de que a UVigo dispón dun *Protocolo de actuación fronte a conflitos interpersoais e acoso no traballo* (cunha primeira fase de mediación e unha segunda de resolución na que actúa a Comisión de Intervención e Resolución de

Conflitos –CIRC), o TG considerou conveniente abrir un expediente para facer un seguimento do caso. Pouco despois a propia persoa interesada presentou unha reclamación, polo que se lle abriu, á súa vez, un novo expediente (nº 23).

O outro caso de **acoso** produciuse no ámbito **escolar**. A contorna da persoa afectada informou ao TG da grave situación que se estaba a producir nun centro da UVigo, no que dúas persoas acosaban a unha terceira, sen que esta quixese

denunciar os feitos. A intervención do Tribunal foi inmediata: con urxencia trasladoulles a información aos órganos universitarios con capacidade executiva e de actuación (a dirección do centro no que se estaba a producir o acoso, a Vicerreitoría de Estudantes e a Secretaría Xeral), incoou un expediente –de oficio, xa que non había ningunha reclamación a instancia de parte– e elaborou unha recomendación para que, coa máxima celeridade posible, se regulamentasen estas situacións e houbera un protocolo de actuación. No transcurso das investigacións preliminares deste caso, o TG advertira con certa sorpresa que a UVigo tiña protocolos aplicables tanto aos casos de acoso laboral como sexual e por razón de sexo, pero non se normativizara nada sobre o acoso escolar.

No ano 2015 tramitáranse 4 expedientes sobre cuestións relacionadas co acoso (un concepto que se interpretara entón de xeito moi amplo xa que incluía inxurias, insultos e todo tipo de actuacións descualificadoras e denigrantes). No 2016 houbo os dous casos sinalados, cunhas connotacións máis específicas, un no ámbito laboral e outro no escolar ou académico. Malia a redución, resulta preocupante que sigan a producirse estas situacións, o que demostra que non é algo puntual e conxuntural, senón que ten un carácter máis estrutural e sistémico. Convén, pois adoptar as medidas necesarias para erradicalas da comunidade universitaria.



## Expedientes sobre normativas e convocatorias

---

O terceiro bloque temático está constituído polos cinco expedientes restantes, promovidos por integrantes do persoal de administración e servizo (PAS) e do persoal docente e investigador (PDI). O nexo común entre eles, que permite agrupalos no mesmo bloque, é a discrepancia que manifestan respecto a como se aplican na UVigo algunhas leis ou regulamentos e a como se desenvolven e/ou resolven certos procesos de concorrencia competitiva.

● **CONCESIÓN DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS FIN DE CARREIRA.** O Consello de Goberno pode outorgar anualmente uns galardóns aos mellores expedientes de cada titulación, a proposta da correspondente facultade ou escola. O TG recibiu unha reclamación porque nun determinado centro quedaran vacantes varios destes premios, aínda que había candidatos que cumprían os requisitos exixidos. Denunciábanse dous erros: o primeiro era de carácter administrativo, pois non se seleccionaran

correctamente todas as persoas que estaban en disposición de ser premiadas (caso de quen reclamou); o segundo erro, de tipo procedimental, produciuse despois de emendar o anterior, cando o tribunal avaliador aplicou criterios adicionais aos recollidos no correspondente Regulamento.

O Consello de Goberno rectificou e, baseándose en que a normativa vixente é a que hai que aplicar e cumprir, outorgoulle os premios ao reclamante. O TG elaborou

unha recomendación instando a que se respectase estritamente a normativa vixente (para evitar a indefensión dos interesados), así como a que se activasen os correspondentes procedementos de reforma do Regulamento cando sexa necesario ou se considere conveniente cambiar os criterios vixentes.

● **CONVOCATORIAS DE PROGRAMAS DE MOBILIDADE PARA PAS.** No ano 2015 tramítáranse xa dous expedientes sobre este mesmo asunto: as convocatorias dos programas de mobilidade internacional Erasmus e Stellae para o persoal de administración e servizos. As reclamacións centrábanse nas bases e os criterios para adxudicar as prazas que se ofertaban na UVigo. O feito de que no ano 2016 repetirase a reclamación pon de manifesto que o problema non se resolveu de xeito satisfactorio para a parte demandante, que voltou considerar que o procedemento era pouco transparente e lle outorgaba á comisión avaliadora un alto poder discrecional na decisión final. Trala pertinente investigación, o TG non apreciou ningunha arbitrariedade no proceso e considerou que non se vulneraran os dereitos da parte demandante. Con todo, esta presentou unha reclamación perante a valedora do pobo de Galicia.

● **CONVOCATORIA DE PROMOCIÓN INTERNA A PRAZAS DE CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE.** Un importante colectivo de PDI da UVigo (composto por 13 persoas) presentou unha reclamación polo cambio nos criterios de selección nunha convocatoria interna de prazas á categoría de catedrático/a de universidade. O proceso de concorrencia competitiva comezou no ano 2012, pero a crise económica impediu que concluíse ao adoptarse a nivel estatal e autonómico

medidas de racionalización que impedían cubrir efectivos. No 2016 retomouse o procedemento de promoción, aínda que con criterios novos, distintos dos anteriormente considerados. Esta circunstancia afectou as persoas candidatas: algunhas que tiñan tal condición no 2012, agora quedaban excluídas do proceso competitivo e, viceversa, quen non estaba entón, podía estarlo no 2016. Isto motivou que as/os afectadas/os se agrupasen para reclamar os dereitos que entendían estaban a ser vulnerados e solicitasen a mediación do TG. Non foi posible que as partes en conflito achegasen as súas posicións porque unha delas rexeitou dialogar. O TG elaborou unha recomendación a principios de 2017 instando a que os procesos de concorrencia competitiva que, polas circunstancias que sexan, se desenvolvan durante longos períodos de tempo e impliquen varias convocatorias, sexan coherentes para evitar a indefensión de quen participa neles.


● **NORMATIVA DE POSGRAO: ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN DAS TESES DE DOUTORAMENTO.** A cuestión subxacente nesta reclamación era a claridade ou confusión dun aspecto concreto da normativa que regula as teses de doutoramento: o relativo á entrega da documentación xustificativa da lectura. O problema xurdiu cando a secretaria dun tribunal desprazouse expresamente dende o Campus de Ourense a Vigo para entregar en persoa a dita documentación; a súa posterior solicitude para que se lle aboase a correspondente axuda de custo foi rexeitada ao considerar que tiña alternativas (correo interno, rexistros...) que facían innecesaria a viaxe. O TG interveu no asunto e mediu para que, de xeito excepcional, se pagase a correspondente indemnización ao entender que a redacción da normativa non



era todo o precisa que conviña e, como ocorreu neste caso, podía ocasionar confusións. Ademais, para evitar que no futuro se producisen situacións similares, elaborou unha recomendación na que instaba á Sección de Posgrao a cambiar a redacción da norma. A suxestión foi aceptada e as modificacións incorporáronse ao texto normativo.

● **LEI DE TRANSPARENCIA.** Non resulta estraño que esta lei relativamente recente e complexa (data de 2013 no ámbito estatal e de 2016 no seu desenvolvemento autonómico) dera lugar a un complicado expediente (17/16). Nel substanciábanse dereitos cunha fronteira tenue, non sempre ben delimitada (o dereito á información, á



protección de datos, á honra e á imaxe...). O manexo destes conceptos a nivel procedimental resulta difícil (advírtese o solapamento e a previsible colisión entre eles), circunstancia que se agrava pola falta de experiencia na aplicación do seu novidoso marco normativo. A confluencia de todos estes factores propiciou que se incoase un expediente, despois de que unha persoa allea á Universidade exercese o seu dereito á información e un membro da comunidade universitaria entendera que iso colisionaba co seu dereito á honra, á imaxe e á protección dos datos persoais. O caso tamén excedeu do ámbito universitario e chegou á valedora do pobo.



## ■ ESTADÍSTICAS



### EXPEDIENTES POR SEXO



## 4. Outras actuacións

**A** tramitación de expedientes é a actuación do TG máis relevante, tanto por ser a que ten maior visibilidade externa como pola adicación (en tempo e recursos) que require. Con todo, o quefacer diario do TG comprende outras actividades que tamén convén sinalar.

● **Consultas:** resultan esenciais na instrución dos expedientes para coñecer e contrastar o parecer das distintas partes implicadas. O Tribunal promoveunas con certa asiduidade no 2016, de xeito telefónico ou presencial, na busca dos elementos de xuízo necesarios para formarse unha opinión do asunto tratado e tentar resolvelo.

Un segundo tipo de consultas foron as realizadas polos estudantes que contactaron co TG para tentar resolver as súas dúbidas sobre cuestións académicas. Como en anos anteriores, os procedementos de avaliación curricular, aprobado por compensación e impugnación das cualificacións foron os que máis demanda de información suscitaron. Atendéronse por correo electrónico, teléfono ou de maneira presencial, en función das preferencias dos solicitantes. Ás veces esta actuación derivou na presentación dunha reclamación ou queixa e na posterior apertura de expediente.

● **Entrevistas:** o defensor mantivo numerosas reunións con distintos integrantes da comunidade universitaria (principalmente alumnado, pero tamén profesorado, PAS, persoal directivo, membros do equipo de goberno e da dirección dos centros). A finalidade dos encontros foi informar sobre o contido, procedemento e alternativas dos asuntos sobre os que se

presentara unha reclamación, queixa ou consulta, mediar nun conflito que xurdira ou simplemente tentar mellorar a comunicación entre os distintos actores do sistema institucional universitario.

● **Mediación e conciliación:** constitúen dúas das actuacións máis características do TG, aínda que non se recorre moito a elas. A causa: teñen un procedemento moi rixido (establecido no capítulo III do Regulamento do TG) e, en xeral, préfere unha mediación máis informal; ademais, requiren un consenso das dúas partes en conflito, que deben aceptar a intervención do TG, e non sempre o fan (así ocorreu no caso xa mencionado do expediente 24/17, sobre a convocatoria na UVigo de prazas de catedrático/a de universidade).

● **Recomendacións e propostas:** algunhas das reclamacións e queixas que se admitiron a trámite no 2016 levaron asociada outra actuación tamén moi característica das defensorías universitarias. Trátase das recomendacións, unhas propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corrixir os problemas, erros e disfuncións que se detectan no funcionamento ordinario da universidade e que afectan aos dereitos dos seus integrantes. O TG elaborou en 2016 as cinco recomendacións que se relacionan no seguinte cadro:

Cadro 2. Recomendacións do TG no ano 2016

RECOM.	ÓRGANO/SERVIZO DESTINATARIO	CONTIDO
1/2016	VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA	Recoméndase adoptar as medidas necesarias para mellorar a comunicación entre os diferentes axentes universitarios implicados na solicitude, promoción e xestión dos proxectos de investigación (Servizo de Investigación, Vicerreitoría de Investigación, PDI, Gabinete do Reitor)
2/2016	VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN	Propónse mellorar o sistema de sinalización e seguridade vial do Campus Universitario de Vigo
3/2016	SECCIÓN DE POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA / SECRETARÍA XERAL	Recoméndase mellorar a redacción do Regulamento de Estudos de Doutoramento nos apartados relativos á entrega da documentación xerada trala lectura das teses de doutoramento
4/2016	SECRETARÍA XERAL / TERCEIRO CICLO	Mellorar a información transmitida aos doutorandos que desexen optar á tese de doutoramento con mención internacional
5/2017	SECRETARÍA XERAL	Ínstase a respectar o establecido nos Regulamentos dos premios extraordinarios de fin de carreira de cada centro ou, de consideralo conveniente, modificalo a través do procedemento establecido

Cómpre sinalar tamén as recomendacións derivadas dos expedientes 21 e 24. Ambas as dúas formalizáronse en 2017 (trataban cuestións complexas que requiriron un proceso de reflexión e elaboración por parte do TG máis dilatado no tempo e xurdiron de expedientes que non se puideron pechar antes de que rematase o ano 2016).


- REC 2017/1: dirixida a Secretaría Xeral, instaba a elaborar un protocolo de actuación para os casos de acoso escolar.
- REC 2017/2: tamén dirixida a Secretaría Xeral, recomendaba que os criterios de selección nos procesos de concorrencia competitiva fosen estables e non mudasen radicalmente cando as convocatorias se prolongasen no tempo.

### ● Outras actividades:

elaborouse unha presentación en formato PowerPoint para expor nas pantallas informativas de todos os centros da UVigo. Esta iniciativa, coa que o TG pretendía visibilizar o seu labor e darse a coñecer á comunidade universitaria (fundamentalmente ao sector estudiantil), contou coa colaboración dos administradores dos ámbitos e campus da universidade. Baixo a súa coordinación distribuíuse o documento en todas as facultades e escolas da institución.

## 5. Relacións institucionais e actividade exterior

Un dos obxectivos prioritarios do TG é contribuír a fomentar a cooperación das defensorías en todos os niveis (autonómico, estatal, europeo, iberoamericano...). En liña con esa pretensión, nos últimos anos está a desenvolver unha importante actividade institucional, que se canaliza mediante a súa activa presenza en diversas organizacións nacionais e internacionais.



- O TG é membro fundador da **Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU)**, unha organización que se creou o 26 de outubro de 2007 e que na actualidade agrupa a máis de 70 defensorías universitarias españolas. En 2016 o seu habitual encontro anual (que constituía xa a edición número XIX) tivo lugar en **Córdoba os días 19, 20 e 21 de outubro**. Nel debatéronse tres temas: *Contribución dos defensores universitarios á mellora da transparencia e o bo goberno universitario, Acoso no ámbito universitario e Conciliación da*

Logo de cedu, escrito en cor marrón cunha tipografía manuscrita.



Encontro CEDU 2016: Córdoba

*vida laboral e familiar na universidade. No primeiro deles tivo unha activa participación o presidente do TG xa que foi coautor do relatorio no que se trataron os principais aspectos da cuestión e moderou unha das mesas de traballo que se constituíu a continuación.*

Outra actividade que adoita programar a CEDU todos os anos é unha ***xornada técnica*** na que se debate sobre un par de temas de actualidade. A de 2016 tivo lugar o 15 de abril na Universidad Rey Juan Carlos e articulouse arredor de dous relatorios: *Universidade e cambios normativos: a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro e Os novos reais decretos lexislativos 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores*. O presidente do TG tamén asistiu a esta xuntanza.


● As defensorías das universidades que son únicas na súa comunidade autónoma agrupáronse baixo a denominación **G9**. O obxectivo era dispor dun ámbito de encontro no que debater os asuntos comúns derivados da súa característica singularidade. Ao grupo engadíronse, en calidade de invitadas, algunhas defensorías como o TG, que non participan desa particular idiosincrasia. O 27 e 28 de xuño de 2016 organizaron un encontro na Universidade de Cantabria no que trataron os seguintes temas:

- *Indisciplina e comportamentos non respectuosos (moderado por Argimiro Rojo);*
- *Actuación dos defensores ante situacións próximas ao delito;*
- *As ensinanzas semipresenciais e as ensinanzas virtuais na universidade.*

Na xuntanza programouse tamén un encontro co presidente da REDDU para avanzar na creación da Rede Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIDU).



Encontro G9 2016: Cantabria



- No ano 2014 creouse a **Red de organismos defensores de los derechos universitarios (REDDU)**. En principio circunscribíase ao ámbito universitario mexicano, aínda que despois internacionalizouse e acolleu aos defensores de institucións norteamericanas, latinoamericanas e europeas. As españolas teñen un destacado papel e, entre elas, o TG participa moi activamente na busca de sinerxias que permitan que cristalice

o proxecto da RIDU.

- **Rede de Defensores Universitarios de Galicia (REDUGA)** As defensorías das

tres universidades galegas asociáronse en 2013 para potenciar as súas relacións e tratar de forma máis eficaz os asuntos comúns que lles afectan. En maio de 2014 asinaron un convenio de colaboración co Valedor do Pobo de Galicia, o que contribuíu a fortalecer a cooperación e o entendemento con esta institución.

dende entón periódica e



As reunións adquiriron unha maior frecuencia trabállase para

mellorar o intercambio de información (acordouse que o Valedor do Pobo comunicará a cada

universidade as queixas ou reclamacións que reciba

sobre aqueles asuntos que lle afecten directamente) e para facer un uso máis eficiente dos recursos públicos (cando as universidades reciban algunha queixa ou reclamación que exceda as súas funcións ou os medios dispoñibles para solucionarlas, poderán solicitar o asesoramento do valedor ou instar ao interesado/a para que se dirixa directamente a este órgano).



Creouse en 2003 por iniciativa do *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam (Kristol Holtrop). Agrupa basicamente a defensores das

universidades europeas, aínda que tamén admite aos representantes das institucións de ensino superior doutras partes do mundo. Realizan todos os anos un encontro, ao que sempre que pode acode o presidente do TG, no que comparten experiencias para tentar mellorar a gobernanza dos sistemas universitarios.

## 6. Execución do orzamento

O TG ten unha dotación orzamentaria específica para xestionar os seus créditos de gastos. A súa contía en 2016 foi de 24.000 €, que se distribuíron nas partidas habilitadas segundo se indica no cadro 3 (na columna da dereita sinálanse os gastos totais en cada unha delas).

Cadro 3. Execución orzamentaria do TG no ano 2016

<b>Orgánica: 00TG Tribunal de Garantías - Funcional: 421S</b>							
Artigo	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
<b>CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>							
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>		<b>16.000 €</b>		<b>3.279,91 €</b>
	226		Gastos diversos		16.000 €		3.279,91 €
		226.01	Atencións protocolarias	4.000 €			444,91 €
		226.02	Publicidade e propaganda	3.000 €			0,00 €
		226.09	Cotas de organismos	1.200 €			275,00 €
		226.99	Outros gastos	7.800 €			2.560,00 €
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>8.000 €</b>		<b>1.397,47 €</b>
	230		Axudas de custo e locomoción		8.000 €		1.397,47 €
<b>Total capítulo II</b>						<b>24.000 €</b>	<b>4.677,38 €</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>24.000 €</b>	<b>4.677,38 €</b>

### REMANENTE 2016

**19.322,62 €**

Como vén sendo habitual, o maior volume de gasto correspondeu ás revisións das cualificacións de materias que realizaron tribunais externos doutras universidades (subconcepto económico 226.99, agrupado baixo a xenérica denominación *Outros gastos*). Esta circunstancia concorda plenamente cos datos indicados no apartado 3, que puñan de manifesto que a tarefa fundamental do TG é atender as reclamacións do alumnado desconforme coas súas cualificacións. Este custo foi moi superior ao do ano 2015 (máis do dobre).

No resto de apartados, o TG limitou ao máximo os gastos, fiel á política de austeridade que vén practicando nos últimos anos. Esa contención fixo que todos os conceptos resultasen menos onerosos que no 2015; con todo, a circunstancia mencionada no parágrafo anterior foi determinante para que o gasto total do 2016 superase lixeiramente ao do exercicio precedente.




## 7. Comentario e reflexión final

**D**os datos expostos pódense extraer algunhas conclusións que é preciso subliñar; o seu análise e comentario permitiranos, por outra parte, facer unha reflexión final sobre todo o acontecido ao longo de 2016.

En primeiro lugar, e contando co precedente do ano anterior, continuamos nesa liña de actualización e mellora en relación co formato e deseño do Informe. O obxectivo non só é facelo máis visual, atractivo e didáctico, incorporando máis gráficos, cadros e imaxes; trátase tamén de dotalo dunha maior funcionalidade, que facilite o seu manexo e a consulta da información que contén. Este foi un dos obxectivos propostos para este segundo mandato.

Outra consideración ten que ver co descenso no número de expedientes tramitados (25); un feito que ven confirmar unha tendencia á baixa no número de reclamacións presentadas iniciada no ano 2014. Este feito, que nos afasta tanto da cifra récord de 66 expedientes acadada no ano 2013, ten que ser motivo de satisfacción, e debe ser destacado.



No que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maioría dos expedientes e asuntos tratados están referidos ao alumnado (un 76%), seguido a bastante distancia polo persoal de administración e servizos (un 12%) e polo profesorado (tamén un 12%). Este comportamento - que é moi semellante ao do resto das defensorías universitarias españolas- segue a ser moi similar ao dos anos anteriores.

Na distribución por campus, e mantendo un comportamento parecido ao de anos anteriores, apréciase un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (un 68%), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense e de Pontevedra (ámbolos dous cun 16%).

Na división por sexos (esta é unha novidade no actual informe), apréciase un predominio do colectivo masculino (un 48%) en relación co feminino (un 36%). O 16% restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ámbolos dous sexos.

Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados, en primeiro lugar e maioritariamente, coa reclamación e revisión de cualificacións, tanto de materias de grao como de TFG e posgrao; coa avaliación curricular e co aprobado por compensación, unha problemática que en moitos casos está relacionada con titulacións en proceso de extinción e coas dificultades de adaptación ao grao; coa validación de materias cursadas en programas de intercambio; con comportamentos arbitrarios, faltas de respecto e incumprimento das guías docentes por parte do PDI; nun caso concreto, estes comportamentos provocaron que un proceso de revisión de exame se prolongase máis dun ano: un feito puntual pero que non debería repetirse.

É preciso destacar tamén que no ámbito do alumnado produciuse un caso de acoso escolar, en relación co cal o TG actuou con suma celeridade; no transcurso das súas actuacións detectouse que se ben a Uvigo dispuña xa de protocolos aplicables tanto aos casos de acoso laboral como sexual, carecía do correspondente ao acoso escolar. En relación a esta problemática cómpre estar en garda; entre outras razóns porque segundo un estudo do grupo CIES desta universidade, o 70% do alumnado galego da ESO sofre algún tipo de acoso escolar (sete de cada 10 estudantes). O feito de que estes comportamentos teñan lugar en etapas educativas que preceden ao ingreso na universidade debería, insisto, manternos vixilantes en relación a esta praga.

Por último, e en relación ca obriga inescusable de respectar os dereitos dos estudantes, o TG fai un chamamento para que estes, os estudantes, non sexan en ningún caso utilizados como vítimas ou reféns nos conflitos e desavinzas existentes entre docentes.

Respecto ao profesorado, apréciase que os motivos das súas reclamacións están relacionados con procesos de convocatoria e resolución de prazas; tamén coa dificultade para compatibilizar o dereito á información pública co dereito á protección de datos.

Pero, mais alá do reflectido na estatística do informe, cómpre subliñar que son moitos os docentes que se dirixen á defensoría para proporcionar información e para expresar opinión sobre diferentes aspectos que atinxen á nosa realidade universitaria. O TG debe informar e este Claustro de cales son esas inquiredanzas para que logo poidan ser tomadas en consideración polos órganos competentes.


Algunhas inquedanzas veñen motivadas polo incremento do uso indebido das novas tecnoloxías, e que dá lugar a casos de plaxio, copia, acoso e indisciplina nas aulas. Outras están relacionadas con situacións de estrés, sobrecarga e fatiga, o que nos sitúa nun escenario permanente de frenesí, precipitación, improvisación e superficialidade, provocando actuacións, en moitos casos, erráticas, arbitrarias e carentes de rigor; algo que atenta contra a esencia da nosa institución. Consideramos, a este respecto, que se hai unha institución que non debería deixarse contaxiar polo ritmo desbocado que caracteriza as sociedades actuais, esa institución é a nosa, é a universidade.

Por último, o persoal de administración e servizos reclama principalmente por cuestións relacionadas con convocatorias de concorrencia competitiva (Programas Erasmus-PAS); e tamén con situacións de acoso laboral. Os impactos sufridos pola aprobación da última RPT, e debido principalmente ás proporcións acadadas pola mesma, tamén tiveron eco, e sígueno tendo, no TG. Nesta orde de cousas resulta inevitable preguntarse por qué houbo que esperar 16 anos para aprobar unha nova RPT. Tamén é de xustiza recoñecer o mérito das persoas que, por fin, a fixeron posible.


Dentro das actuacións levadas a cabo polo TG, cómpre sinalar ademais as entrevistas mantidas con persoas pertencentes aos distintos sectores de nosa comunidade universitaria; as informacións e orientacións proporcionadas principalmente ao sector do alumnado como consecuencia de consultas efectuadas; as actividades encadradas dentro do apartado das relacións institucionais, tanto no ámbito do SUG coma no ámbito nacional e internacional; e, por último, as recomendacións e propostas formuladas, que derivan tanto das reclamacións ou queixas presentadas como das iniciativas promovidas de oficio polo propio Tribunal.

En relación coas recomendacións efectuadas satisfainos manifestar que, con carácter xeral, tanto os órganos como as persoas destinatarias das mesmas cómpren adecuadamente con esa norma de cortesía, e tamén de legalidade, de daren conta ao TG da súa recepción, da súa viabilidade e, de ser o caso, do seu estado de execución. Agradecemos especialmente a boa predisposición e colaboración da Secretaría Xeral, o que permite facer un seguimento puntual dos casos tratados.

## 8. Anexo: composición do TG



**TRIBUNAL DE GARANTÍAS**  
Anexo ao Edificio de Xerencia, 2º andar  
Campus Universitario  
36310 Vigo

 986 813 829 / 986 813 830

[tgarant@uvigo.es](mailto:tgarant@uvigo.es)

[www.uvigo.gal](http://www.uvigo.gal)